

CONCURSO XERAL DE TRASLADOS DE ORIENTACIÓN

Santiago, 12 de novembro de 2024

Na Mesa Sectorial de Educación de hoxe tratamos:

Orde pola que se convoca concurso de traslados de orientación.

A Administración empeza a reunión informando que faltan as vacantes derivadas de xubilacións, ou por cambio de centro base. Mandarán as modificacións.

O día 26 publicarase esta Orde e o prazo de presentación sería do 27 de novembro ao 18 de decembro.

Dende UGT Servizos Públicos reiteramos:

- A **necesidade de actualización da rede de orientación educativa** porque debe apostarse por unha mellor atención á diversidade eliminando as prazas de orientación compartida e a negociación das prazas nas Xuntas de Persoal provinciais.

A Consellería informa de que se analizará esta petición pero que nesta mesa non se comprometen a realizar este traballo.

- Cuarta a): Retirar o **requisito de estar dous anos** dende a toma de posesión do último destino definitivo para a participación nos concursos específicos.

Non se modificará.

- Décimo novena: Respecto ós **criterios para adxudicación de postos de xefatura**, parécenos inviable que un docente itinerante en máis de dous centros educativos



a poida asumir. Deben adxudicarse os postos de xefatura con outros criterios diferentes aos que aparecen no artigo 4 do Decreto 120/1998.

[Non se contemplan cambios neste senso.](#)

- Nos **CPI** a tipoloxía do alumnado é diferente da dos outros centros polo que pedimos que haxa **dous especialistas**, un para as etapas de infantil e primaria e outro para a ESO.
- Nas **CMUS** non está contemplada a figura de Orientador/a. É unha mágoa que non se potencie o talento neste alumnado e haxa abandonos por falta de valoración de dificultades dos mesmos e por falta de apoio aos docentes dende un punto de vista psicopedagóxico.
- Por último solicitamos que se reforcen os departamentos de orientación coa **dotación dun orientador a maiores naqueles centros que teñan máis de dúas liñas**.
[Non atenden ás últimas tres demandas citadas.](#)
- En canto ó **baremo** demandamos **engadir apartados específicos nos que se puntúe actividades relacionadas con atención á diversidade**, publicacións específicas, formación en atención á diversidade e NEAE, impartición de cursos específicos, etc.
 - No **apartado 3** pedimos que se suba a puntuación a 15 puntos en lugar de 10, porque é importante que se prime a cualificación profesional dos docentes.
 - No **punto 4.3.** de outras funcións docentes, entendemos que o máis xusto sería eliminar o límite de 10 puntos.
 - O punto 6.4. debería desaparecer.
[O baremo reaxustouse ao CXT xa publicado e non se farán modificacións.](#)
- Por último, esta convocatoria afecta a **26 prazas** das cales **13 son compartidas** e **7 destas últimas con centros adscritos**. Un **50 % das prazas compartidas** e sumando a temporalidade dos especialistas de PT e AL e dos afín a PT e AL, só podemos sacar a



conclusión de que a Administración non está apostando todo o que se debería pola atención á diversidade e a inclusión.

Revisarán plazas e posibles erros nas mesmas pero non eliminarán ningunha delas.

Rogos e preguntas:

- Pedimos novamente que se nos informe do estado de elaboración dos novos ROC para adaptar a realidade normativa, que permita uns criterios máis homoxeneos de xestión e organización nos centros.
Seguirán trasladando a información a Dirección Xeral correspondente.
- Queremos saber cando nos convocarán para a comisión negociadora do Plan de Igualdade.
A consellería resposta que antes de rematar este mes convocarase unha e outra antes do Nadal.
- Solicitamos a actualización coa lexislación nacional e ampliacións actualizadas da ORDE de PERMISOS e LICENZAS do 29 de xaneiro de 2016.
Responden que é un dos puntos que teñen previstos comenzar a tratar neste curso 2024/25.
- Pedimos que os membros de equipos directivos poidan renunciar a ser membros de TRIBUNAIS de OPOSICIÓN.
Non se modificará.
- Na biblioteca de moitos centros teñen o **MEIGA** nas súas bibliotecas e agora teñen que cambiar a **KOHA** pero non poden pasar o rexistro dos libros ao **KOHA** automaticamente, coa carga infinita de traballo de ter que rexistrar todos os libros outra vez. Entendemos que debe facerse automaticamente.
Informan que o volcado é automático pero que a demora é debido ao exceso de volume de datos.
- Referente ao retraso que hai, nalgúns casos de máis dun ano, no cobro dos primeiros trienios e sexenios que están a sufrir o profesorado, queremos saber cando se solucionará.
O Director Xeral informa de que teñen pendente unha reunión con intervención para axilizar



ditos pagos.

- En relación co cobro das asistencias pola participación no procedemento de avaliación diagnóstico do curso 2023/24 , solicitamos que se axilice a entrega de documentación por vías telemáticas e non por firma manuscrita.

Non se modificará o sistema.

- Recibimos queixas de equipos directivos que precisan de colaboradores para os comedores e non os atopan. Piden que a Administración faga máis atractiva esta función con unha mellora na retribución.

O sistema está funcionando polo que non se contemplan modificación ao respecto.

- Seguen sen crearse todos os comités provinciais de seguridade e saúde laboral.

Non hai avance neste aspecto.

- Preguntamos se convocarán o concurso de adultos e de EOE.

Confirman que neste curso 2024/25 non se convocarán.

